

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida-ANOVA)**, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Juan M. Fajardo Recouso** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2012 existen na relación de postos de traballo (RPT) da Consellería de Medio Rural 436 prazas de tres meses para o persoal do dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF). O órgano competente en materia forestal ten a prerrogativa de deseñar o operativo de extinción de incendios forestais a través do Plan de Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA). Argumentábase que esta modificación tiña por finalidade dimensionar a estrutura orgánica do persoal e adecuala ás necesidades do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais en época estival, que é declarada como época de alto risco, dando apoio nas tarefas de extinción de incendios forestais. Logo de catro anos de consolidar a modificación da RPT estes traballadores perciben un salario inferior ao 75% do SMI, algo que as administracións non deberían permitir. As condicións que deron lugar a esta modificación da RPT mudaron e non ten sentido manter estes contratos cunha temporalidade reducida máis tempo.

Por outra banda, en 2008 publicouse o V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galiza, dentro do cal se establecen as condicións especiais de traballo do

persoal do SPDCIF da Xunta de Galicia. Neste convenio, recóllese que “o réxime laboral previsto no convenio de persoal da Xunta de Galicia seralle de aplicación ao persoal laboral que realiza o seu traballo no SPDCIF, agás nos aspectos especificamente desenvolvidos neste acordo, que terán aplicación prevalente.” Así mesmo, recóllese que se acorda con efectos desde o 2008 a contratación por un período ininterrompido de nove meses para o persoal fixo discontinuo. E tamén reflicte que a Consellería se compromete a modificar a RPT do persoal fixo-discontinuo ata nove meses, indicando que as funcións serán prioritariamente a prevención en época de baixo risco e a extinción en alto risco.

Por outro lado, o contrato de traballo que as traballadoras e taballadores asinan coa Consellería de Medio Rural vincúlase ao traballador co SPDCIF e co V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta.

Tomando as táboas salariais da Xunta reflectidas no V Convenio, e cotexando os salarios brutos una vez sumados os pluses correspondentes ao oficio de risco que desempeñan os bombeiros forestais, o incremento de gasto anual para poder contratar durante nove meses a estes 436 traballadores é de 4,2 millóns de euros; un gasto asumible pola administración en relación ao traballo e servizo público que prestan estes traballadores.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei:

- O Parlamento insta á Xunta de Galicia a modificar a RPT actual no que se refire á duración de contratos equiparando a estes traballadores cos do resto do dispositivo da Xunta do SPDCIF e ampliando o seu contrato a un total de nove meses, tal e como reflicte o convenio que é o contrato de menor duración.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2016.

Asinado dixitalmente por:



Anton Sánchez García na data 30/05/2016 14:09:00

Eva Solla Fernández na data 30/05/2016 14:09:07

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 30/05/2016 14:09:14

Ramón Vázquez Díaz na data 30/05/2016 14:09:18

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 30/05/2016 14:09:21

Jose Javier Ron Fernandez na data 30/05/2016 14:09:25